



OFERTA DE EMPREGO: PROGRAMADOR JAVA DE PRODUTO

Denodo é unha empresa de software galega con proxección internacional e oficinas na Coruña, Madrid, Londres (Reino Unido), Munich (Alemaña), Paris (Francia), Milan (Italia), Palo Alto (CA, USA), Nova York (NY, USA), Chicago (IL, USA), Boise (ID, USA), Singapur, Chennai (India), Sydney (Australia) e Tokyo (Xapón).

Denodo Platform é o noso produto software para despregar Enterprise Data Services mediante tecnoloxías de Data Virtualization e Cloud Data Integration. Ofrece ás aplicacións consumidoras vistas unificadas sobre fontes de datos distribuídas e heteroxéneas, incluíndo Bases de Datos Relacionais, Bases de Datos Multidimensionais, NoSQL, Servizos Web SOAP e REST, aplicacións paquetizadas como SAP, etc.

Buscamos enxeñeiros/as para o noso equipo de Tecnoloxía, para traballar como Programadores Java no ámbito do desenvolvemento de produto, así como o seu conxunto de utilidades e conectores, nas nosas oficinas da Coruña.

Necesitamos persoas cos seguintes requisitos e habilidades:

- Titulación requerida: Enxeñaría Informática / Grado en Enx. Informática
- Bo nivel de inglés falado e escrito.
- Alta capacidade analítica e de resolución de problemas.
- Traballo en equipo con actitude positiva.
- Coñecemento da plataforma Java.
- Coñecemento de patróns de deseño orientado a obxectos.
- Coñecemento de SQL e deseño de Bases de Datos Relacionais.

Valoramos positivamente coñecemento e/ou experiencia nos seguintes:

- Aplicacións Web Java e tecnoloxías relacionadas, esp. server-side.
- Ferramentas de Build e Control de Versións (pref. Maven e git)
- Spring Framework, Spring Boot e/ou tecnoloxías relacionadas.
- Hadoop, Spark e bases de datos NoSQL.
- Sistemas de Data Governance e xestión de metadatos.
- Ferramentas de Business Intelligence (Microstrategy, Tableau, Power BI...)
- Plataforma de desenvolvemento Microsoft (esp. acceso a datos)
- Tecnoloxías web client-side e tecnoloxías para dispositivos móbiles.
- Técnicas e tecnoloxías de seguridade no software.

Como presentarse

En <http://denodo.com/career/coruna-spain/java-product-developer>. Inclúe o teu Curriculum Vitae, ademais de (opcionalmente) carta de presentación, expediente académico, referencias ou calquera outra información que poida resultar relevante sobre ti.

Responsable da oferta: Eva Martínez, Dirección de Organización